

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE FENE EN CONTRA DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO CAAVEIRO.

Antes de instalar parques eólicos, é moi importante realizar estudos previos que permitan valorar o impacto ambiental que supoñería unha instalación desta magnitude. A observación da contorna, previa á elección dos emprazamentos, é crucial para provocar a menor afección posible aos ecosistemas implicados.

A previsión de ubicación de parques eólicos na comarca de Ferrolterra, e no concello de Fene en particular, non se está a levar a cabo tendo en conta as necesidades do país, os intereses das comunidades locais, a protección do territorio e o medio e a compatibilidade con actividades socioeconómicas propias da nosa contorna. Pola contra prevalecen os intereses de grandes grupos económicos que teñen unha visión puramente depredadora e extractivista dos recursos, do mesmo xeito que ocorre con outros sectores estratéxicos como o forestal ou o mineiro. É polo que apostamos de maneira decidida pola enerxías renovábeis como a eólica, se ben entendemos que a enerxía debe ser considerada como un ben público e os seus beneficios deben repercutir no conxunto do país e nos territorios onde se xera. Para iso defendemos a participación pública galega na planificación e desenvolvemento do sector enerxético en xeral e do eólico en particular.

Debemos ser conscientes da lexislación vixente na actualidade, tanto polos avances técnicos nos aeroxeneradores, como nos avances a nivel de normativa europea, nos estándares de protección ambiental, paisaxística e de participación cidadá, que mudaron completamente neste 20 anos e sen esquecer a vella demanda por exemplo da UE, ao respecto da ampliación da Rede Natura

Asimesmo, e dacordo a estándares ou obxectivos marcados desde a propia UE, debemos ter en conta que no 2019, Galicia produciu o 65% do mix de xeración galega en renovábeis, que ven sendo o dobre do obxectivo que marca a UE para os Estado membros para o 2030. Polo que tampouco os datos de produción de enerxía renovábel parecen avalar que sexa agora o momento de impulsar unha carreira de implantación de parques eólicos no noso País, senón de desenvolver a potencia eólica dun xeito racional, sostible e ordenada.

Neste sentido, e asumindo explicitamente a petición que nos traslada a veciñanza e colectivos afectados, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Reixear a instalación do Parque Eólico Caaveiro polos impactos negativos que do mesmo se derivan para o conxunto do territorio e

veciñanza do nosos concello, e instar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfica que informe negativamente o proxecto e impida a súa implantación no noso territorio.

2.- Instar ao Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, que se informe sobre a compatibilidade do proxecto da estación eólica Caaveiro e os outros cinco parques eólicos que conforman o plan industrial de desenvolvemento eólico da mercantil promotora na mesma área de actuación, cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección do conxunto dos proxectos aos que fai referencia o proxecto eólico Caaveiro.

3.- Instar á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño que se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico Caaveiro e os outros cinco parques que configuran o plan industrial de desenvolvemento eólico da mercantil promotora, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

4.- Instar a Xunta de Galicia a que someta a trámite de información pública e de xeito conxunto, os estudos de impacto ambiental dos seis parques eólicos que promove a mercantil Enel Green Power España S.L. (parques eólicos Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche) coas súas respectivas instalacións de conexión e liñas de evacuación, xa que logo, a tramitación ambiental independente de cada un deles impide a avaliación ambiental global, sumativa e acumulada dos impactos da totalidade dos parques que a promotora prevé desenvolver na mesma área xeográfica.

5.- Instar ao Goberno de España a que se de transparencia a relación de axudas públicas e contías recibidas pola empresa promotora Enel Green Power España S.L tanto do Estado español como do Banco Europeo de Inversións para o desenvolvemento do plan industrial de desenvolvemento eólico configurado polos seis parques eólicos Caaveiro, Tesouro, Barqueiro, Badulaque, Santuario e Moeche e a súas infraestruturas asociadas.

En Fene a 20 de xullo de 2021